

# 25

## NOVEMBRO

DÍA INTERNACIONAL DA  
ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA  
CONTRA A MULLER

### MANIFESTO

**SINDICALISTAS  
FRONTE ÁS  
VIOLENCIAS  
CONTRA AS  
MULLERES E  
AS SÚAS CAUSAS**

**UGT**  

**CCOO**

Este 25N de 2023, o Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia e a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores de Galicia, nun contexto de incertezas e avances da ultradereita negacionista e antifeminista, expresamos con rotundidade que redobramos as nosas accións permanentes contra todas as formas de violencia dirixidas ás mulleres, que reivindicamos o aumento das políticas e recursos para a prevención e a atención integral de todas as vítimas destas violencias e que, sen dúbida, intensificamos as nosas actuacións para acabar de vez coas causas últimas que as orixinan.

- As violencias contra as mulleres supoñen a maior vulneración de dereitos humanos e o atropelo de dereitos fundamentais recollidos na nosa Constitución, amais de seren unha expresión extrema da desigualdade de xénero, que é incompatible cunha sociedade democrática. Constitúe un problema político e social de primeira orde que require a actuación decidida dos poderes públicos —cos recursos necesarios para dar resposta institucional a un problema desta magnitude— e a actuación comprometida e solidaria de todas as esferas sociais.
- O ámbito laboral é o noso primeiro e principal escenario de actuación. Aínda que non é o único, incúmbenos de maneira máis directa e temos ferramentas específicas para actuar nel, especialmente mediante a loita compartida contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo que se produce na empresa, no centro de traballo ou como consecuencia da relación laboral.
- En relación co ámbito laboral, instamos o Goberno a desenvolver os instrumentos legais necesarios para a aplicación adecuada do Convenio 190 da OIT, para facer efectiva a equiparación de dereitos sociolaborais e económicos entre as vítimas de violencia sexual e de violencia de xénero, para que se recollan e sistematicen nas estatísticas oficiais os datos sobre acoso sexual e acoso por razón de sexo no traballo; e instamos tamén a que se revisen e reforcen as políticas activas de emprego para todas as mulleres vítimas das violencias machistas.
- Chamamos tamén os poderes públicos, axencias e organizacións comprometidas con esta loita ao rexeitamento frontal e á condena explícita dos discursos negacionistas e das persoas con cargo público e partidos políticos presentes en institucións que protagonicen manifestacións ou actos negacionistas, porque poñen en perigo os avances, cuestionan as políticas públicas contra as violencias machistas e a educación en igualdade e revitimizan as mulleres sobreviventes.

DENUNCIAMOS o alarmante incremento de mulleres asasinadas polas súas parellas e exparellas durante 2023, así como de vítimas de violencia de xénero. Preocúpannos as novas formas de violencia que afloran cada vez con maior forza, como as levadas a cabo a través das TIC; e resúltanos especialmente alarmante o forte aumento nos últimos anos da violencia sexual perpetrada por menores, a tendencia crecente ás agresións sexuais en grupo e a utilización da submisión química.

DENUNCIAMOS que estes discursos negacionistas ocultan unha realidade que atangue a toda a sociedade, especialmente ás mulleres e, de maneira máis directa, violenta e discriminatoria, ás mulleres afectadas, polo que é inadmisibile que se proclamen desde as institucións públicas. Denunciamos tamén que estes discursos alentan que se estenda un clima de tolerancia e impiedade que pode ser responsable en boa parte da repunta de casos desta violencia.

LEMBRAMOS que as cifras da violencia contra as mulleres son escandalosas, comezando polas asasinadas por ser mulleres no marco da Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, 1/2004, é dicir, as ASASINADAS POLA SÚA PARELLA OU EXPARELLA:

- En Galicia, dúas mulleres foron asasinadas no que vai da ano, ata o 6 de novembro.
- Dous menores quedaron orfos e orfas no que vai de ano.
- As vidas arrebatadas ás mulleres dende o 2003 ata o 6 de novembro ascenden a 68 en Galicia (catro ao ano); vidas truncadas pola violencia machista, vidas malogradas pola violencia patriarcal, que deixan familias enteiras esnaquizadas e que causan un dano atroz ás persoas e á nosa sociedade en todos os aspectos.

Ademais, dende 2022, en cumprimento do convenio de Istambul, estanse rexistrando xa outros feminicidios que van alén do ámbito da parella e a exparella, como reclamabamos tamén as organizacións sindicais, que comprenden os feminicidios sexuais (relacionados con agresións sexuais, incluídas as vítimas de trata e explotación sexual); os feminicidios familiares (cometidos polo círculo familiar e que inclúen os crimes de honra); os feminicidios sociais (perpetrados por parte de homes amigos, veciños ou compañeiros de traballo) e feminicidios vicarios ou por substitución (asasinato dos fillos e fillas para danar a nai ou ben dunha muller para danar a outra).

## AS CIFRAS DESTES FEMINICIDIOS TAMÉN SON ARREPIANTES

Segundo a Delegación do Goberno contra a violencia de xénero, os datos provisionais de feminicidios por outras violencias machistas en 2022, non perpetradas pola parella ou exparella, foron 34 no Estado, dos que o 61,8 % foron feminicidios familiares, o 11,8 % feminicidios sexuais e o 26,5 % feminicidios sociais. A estatística en Galicia indica que houbo 2 ou 3 feminicidios no 2022 pero non achega máis detalle.

Dos feminicidios familiares, a maioría dos casos foron perpetrados por fillos ou netos e, en segundo lugar, por veciños ou compañeiros de piso.

O fogar familiar segue sendo o lugar máis inseguro para as vítimas de violencia de xénero, tanto nos asasinatos cometidos polas parellas ou exparellas como nos feminicidios familiares.

Xunto ás intolerables cifras de mulleres asasinadas, hai outros indicadores desta insoportable violencia contra as mulleres que mostran que, lonxe de desaparecer, está en aumento:

- No último informe trimestral do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero, no segundo trimestre de 2023, o número de vítimas de violencia de xénero foi de 1678, que se engaden ás 1732 do primeiro trimestre.
- O informe de 2022 dese organismo recolle que durante ese ano, en Galicia, os xulgados recibiron un total de 7029 denuncias, un 12,3 % máis ca o ano anterior, e as mulleres vítimas da violencia machista foron 6912, un 11,1 % máis ca no 2021, ano en que se contabilizaron 6219.
- Ao longo de 2022, un total de 1349 homes foron rexistrados como denunciados por violencia de xénero nos asuntos con orde de protección ou medidas cautelares ditadas inscritos no Rexistro, o que representou un 12 % máis ca no ano anterior.
- Segundo a memoria da Fiscalía Xeral do Estado de 2022, en Galicia os delitos de agresións sexuais investigados creceron de 426 en 2021 a 501 casos en 2022, o que supón un 17,6 % máis; aínda máis alarmante é que as investigacións abertas por agresións sexuais con autores menores de idade aumentan anualmente, cifrándose en 58 as agresións no ano 2022 cando no 2019 foron 23 (30 no 2018).

### A extensión das violencias machistas

No plano internacional, esiximos a todas as Administracións implicadas que sigan a folla de ruta que marcan a Axenda 2030 e outros instrumentos normativos internacionais na loita contra as violencias machistas e as discriminacións de xénero que as propician. Tamén queremos chamar a atención da comunidade internacional para que non miren para outro lado e actúen en todos os foros internacionais en defensa das mulleres e as nenas doutras rexións do mundo que están a sufrir violencias de todo tipo, incluídas as dos seus Estados e comunidades, que están a ver conculcados os seus dereitos humanos e de cidadanía, con ameazas mesmo para as súas vidas, como as mulleres afgás, as mulleres iranianas, así como as violencias que afectan ás mulleres e nenas nas guerras e conflitos bélicos en todo o mundo.

## TOLERANCIA CERO

O Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (CCOO Galicia) e a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) consideramos que é deber inescusable e prioritario das forzas democráticas reforzar o consenso e aumentar os recursos destinados a facer fronte ás violencias machistas, así como rexeitar de plano os discursos negacionistas que minimizan a súa incidencia e poñen en risco todo o avanzado, ademais de dar cobertura a non tomar en serio os dereitos á vida, a liberdade, a dignidade e a seguridade das mulleres.

- **ESIXIMOS TOLERANCIA CERO** fronte a todas as violencias contra as mulleres. Instamos ademais a reforzar a educación en igualdade en todos os niveis educativos co obxectivo de identificar e neutralizar estas violencias e desterrar estereotipos desde a infancia.
- **UGT E CCOO INSTAMOS O GOBERNO** central e os Gobernos autonómicos e locais a que dediquen de forma sostida e crecente os recursos necesarios, especialmente os económicos, e que garantan en todos os ámbitos que lles son propios servizos de prevención e de atención integral ás vítimas de todas as violencias machistas.
- **INSTAMOS AS FORZAS DEMOCRÁTICAS** a que continúen reforzando como política de Estado os contidos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e a que elaboren propostas máis ambiciosas e eficaces para a Estratexia Estatal para combater as violencias machistas 2022-2025. Celebramos que o Pacto de Estado se convertera nunha ferramenta permanente; seguiremos reclamando que o seu financiamento sexa tamén suficiente e estable, garantindo a plurianualidade dos seus fondos. Tamén pedimos que se garanta unha rede pública de atención integral a todas as vítimas destas violencias machistas que lles asegure unha atención especializada e interdisciplinar 24 horas 365 días ao ano, para que non queden desprotexidas en ningunha circunstancia, data ou horario.
- **SUBLIÑAMOS A IMPORTANCIA DO ÁMBITO LABORAL** para garantir que os centros de traballos sexan espazos seguros e para a autonomía das mulleres sobreviventes das violencias machistas. Neste sentido, reivindicamos a extensión dos dereitos laborais (suspensión de contratos, mobilidade xeográfica e funcional, etc.) recoñecidos ás vítimas de violencia de xénero (ás que lles é de aplicación a Lei 1/2004 contra a violencia de xénero), ás vítimas de violencias sexuais, tal e como recolle a Lei orgánica 10/2022 de garantía integral da liberdade sexual.

Canto aos contratos bonificados, un total de 56 mulleres vítimas de violencia de xénero accederon a un deles no ano 2022, segundo datos da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero. O total en 2021 foi de 52 contratos. Malia os esforzos, trátase dunha porcentaxe de vítimas aínda exigua.

Por iso, **RECLAMAMOS O REFORZO E A REVISIÓN DAS POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO** para estas mulleres, e a formación específica dos operadores que interveñen.

**TAMÉN LEMBRAMOS QUE EXISTEN VIOLENCIAS MACHISTAS NO ÁMBITO LABORAL**, como o acoso sexual e por razón de sexo, que permanecen ocultas e invisibilizadas porque non se contan, e por iso esiximos a mellora dos instrumentos estatísticos para evitar que permanezan.

CCOO E UGT FELICITÁMONOS POLA RATIFICACIÓN DO CONVENIO 189 sobre as traballadoras e traballadores domésticos e POLA ENTRADA EN VIGOR DO CONVENIO 190 sobre a violencia e o acoso no mundo do traballo, ambos os instrumentos historicamente reclamados polas nosas organizacións e que teñen que servir para eliminar as violencias. Instamos a inmediata posta en marcha dos instrumentos necesarios para darlles o adecuado cumprimento.

**NO ÁMBITO DA NOSA COMPETENCIA SINDICAL, CCOO E UGT  
COMPROMETÉMONOS A:**

- FORMAR E SENSIBILIZAR O NOSO ACTIVO SINDICAL FRONTE ÁS VIOLENCIAS MACHISTAS.
- FORMAR E SENSIBILIZAR OS CADROS DE PERSOAL NOS CENTROS DE TRABALLO.
- QUE OS NÓSOS DELEGADOS E DELEGADAS EXERZAN DE BARREIRA FRONTE A CALQUERA MANIFESTACIÓN DE VIOLENCIAS CONTRA AS MULLERES.
- NEGOCIAR E APLICAR OS PROTOCOLOS DE ACOSO SEXUAL E POR RAZÓN DE SEXO PREVISTOS NA LEXISLACIÓN.
- NEGOCIAR PLANS DE IGUALDADE E MEDIDAS DE ACCIÓN POSITIVA NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA QUE CONTRIBÚAN Á ERRADICACIÓN DAS DISCRIMINACIÓNS, OS ESTEREOTIPOSE A VIOLENCIA.
- COLABORAR PERMANENTEMENTE COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E AS ASOCIACIÓNS DE MULLERES NO OBXECTIVO DE ERRADICAR ESTAS VIOLENCIAS.
- ASESORAR A VÍTIMAS E MULLERES SOBREVIVENTES.

**CHAMAMOS OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS E O  
CONXUNTO DA CIDADANÍA A PARTICIPAREN, XUNTA O  
MOVEMENTO FEMINISTA, NOS ACTOS REIVINDICATIVOS DO  
25N, PARA SUMARNOS AO BERRO GLOBAL CONTRA AS  
VIOLENCIAS MACHISTAS.**

**FRONTE Á VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES,  
NIN UN PASO ATRÁS**

**ACABAR COAS VIOLENCIAS MACHISTAS E AS SÚAS  
CAUSAS É A NOSA PRIORIDADE SINDICAL**